

UNIT 5 MYSTERY ISLAND

Continuamos a traballar no temario no que estabamos. Para iso o alumnado lerá nas páxinas 48 e 49 as construcións gramaticais relativas ós verbos en pasado, neste caso para formar oracións interrogativas con Did e as correspondentes respostas con Yes, I did or No, I didn't. Completarán as actividades correspondentes no Activity Book páxina 46, exercicios 2 e 3.

Posteriormente e seguindo as explicacións na páxina 49 aprenderemos a facer preguntas empregando as WH questions con WHAT AND WHERE para facer preguntas en pasado e respondelas. Unha vez lida esta páxina completarán as actividades no Activity Book páxina 47, exercicios 1 e 2. Páxina 48, exercicios 2 e 3.

Na páxina 50 do Class Book farán unha lectura relativa ó mundo da arte, prestando especial atención a expresións como FOREGROUND=PRIMEIRO PLANO E BACKGROUND=FONDO. Unha vez lido con calma, farán as actividades correspondentes no Activity Book páxina 49, exercicios 1, 2 e 3.

Nas páxinas 52 e 53 lerán información sobre o parque natural de Yellowstone, nos Estados Unidos de América. Unha vez entendido, poderán facer os exercicios do Activity Book, páxina 51, exercicios 1 e 2 e así comprobar o grado de comprensión lectora.

Finalmente, completarán oralmente o apartado de avaliación final no Class Book da páxina 54 e rematarán escribindo as respostas ás preguntas relacionadas con todo o visto no tema no Activity Book páxina 53

Remito ademáis unhas páxinas que inclúen un repaso de todo o tema, como veño facendo habitualmente coas actividades que levan para practicar nas libretas. Estarán presentadas nun documento PDF que poderedes descargar ou se non tedes esa posibilidade, facelas nunha libreta.

Gracias pola colaboración e moito ánimo.